



Intocables

Description



En paralelo aos debates internos entre europeos e estadounidenses a propósito da futura orde económica e financeira global, outros actores resaltan o feito de que a crise deixou ao descuberto a enorme vulnerabilidade das actuais institucións financeiras internacionais e pensan nunha reforma doutro calado.

[Foto: Jos  Manuel Dur o Barroso, presidente da Comisi n Europea, en Bruxelas o 19 de marzo de 2009].

O tirapuxas financeiro global non fixo m is que comezar. En paralelo aos debates internos entre europeos e estadounidenses a prop sito da futura orde econ mica e financeira global, outros actores resaltan o feito de que a crise deixou ao descuberto a enorme vulnerabilidade das actuais instituci ns financeiras internacionais e pensan nunha reforma doutro calado. O liderado da reforma necesaria do sistema debe ser compartido porque, primeiro, a gu a do t ndem EEUU-Europa perdeu autoridade e credibilidade fronte a terceiros pa ses. Todo o que o FMI desaconsellaba facer  s econom as pobres, resultaba que o fac an os pa ses ricos a gran escala e eludindo a mais elemental prudencia financeira. E segundo, porque a crise est  a acelerar a recomposici n da estrutura econ mica internacional. Hoxe, fronte ao peso, a nda destacado, de EEUU e Europa, principais depositarios das instituci ns de Bretton Woods, o FMI e o Banco Mundial, as econom as emerxentes e os pa ses en v as de desenvolvemento reclaman con raz n un cambio m is profundo, que recolla as mudanzas operadas nos  ltimos sesenta anos.

As instituci ns internacionais son claves nun momento como este en que a crise reclama de todos os pa ses un esforzo mancomunado para sa r dela e c mpre relexitimalas sen mesquindades. Nese contexto, c mpre avaliar de novo o papel e as caracter sticas destas organizaci ns para que respondan  s esixencias da nova realidade monetaria e econ mica.

E esa reflexión non pode eludir asuntos clave como a ampliación da súa representatividade. O Consello Directivo do FMI aprobou en 2008 unha modificación dos dereitos de votación en virtude da cal, a porcentaxe dos países desenvolvidos pasaba do 59,5% ao 57,9%, e a dos países en vías de desenvolvemento facían do 40,5% ao 42,1%. A superioridade notable dos uns fronte aos outros semella difícil de soste actualmente e máis aínda no futuro. Por outra banda, o proceso de elección dos directores do BM e do FMI tamén debe ser máis aberto e democrático. Non hai países intocables, nin pola crise, nin no sistema internacional. Hai que facer contas.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Outros ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Marzo 22, 2009

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2009-03-22 00:00:00